



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 3 DE NOVEMBRO DE 2020

1.- Proposta da Acaldía relativa á aprobación da xustificación e pagamento das actividades do convenio de cooperación entre a Asociación Área Empresarial do Tambre e o Concello de Santiago de Compostela para fomentar e impulsar o desenvolvemento dun polo de biotecnoloxía e outros obxectivos marcados no pacto pola industrialización de Compostela no marco do Programa Compostela Móvese 2020 COVID-2019. De cara a proseguir coa tramitación do citado convenio de colaboración, apróbase a xustificación parcial e pagamento da subvención nominativa á Área Empresarial do Tambre, por importe de 27.010 euros.

2. Informe proposta relativo a dar conta da concesión da subención da Xunta de Galicia de novidades editoriais e mellora das coleccións bibliográficas, con carácter extraordinario para a Biblioteca pública municipal José Saramago. Ano 2020. Dase conta da concesión das subvencións da Consellería de Cultura e Turismo, de carácter extraordinario por importe de 1.750 euros para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico; e 4.026,67 euros para a mellora das coleccións bibliográficas da Biblioteca Pública José Saramago.

3. Proposta da concellería de Educación de aprobación das obrigas derivadas do fallo do xurado do expediente “XIII Premio Internacional Compostela de Albums Ilustrados. Apróbase o recoñecemento das obrigas derivadas do fallo do xurado do “Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados, cunha dotación económica de 9.000 euros (dos cales o concello de Santiago aporta 8.000 e a editorial Kalandraka os 1.000 restantes). O premio está suxeito á retención do IRPF do 19%.